

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)

Sendo as 13:45 horas do día 29 de novembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola presidenta por dona Sonia Méndez García, Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación, actuando como vocais, dona Esther Muños, polo Grupo Municipal Socialista, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Sr. Sreretario a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data do 23 de novembro no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas:

BANCO GALLEGO
LA CAIXA

Procédese a continuación dos sobres A de documentación administrativa, co seguinte resultado:

BANCO GALLEGO: Presenta un único sobre, o que contén un escrito no que se manifesta que non se presentan a licitación.

LA CAIXA

- .Escrituras
- .Copia DNI do representante
- .Escritura de poder
- . Dilixencia de bastanteo
- . Declaración responsable de non estar incurso en causas para contratar coa administración e de atoparse ao corrente das obrigas tributarias do Estado, co Concello de Lugo, así como de estar de alta no IAE e o corrente do seu pagamento, e coa seguridade social.
- . Declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do IAE e último recibo.
- . Declaración responsable da experiencia en tipo de operacións financeiras dos últimos tres anos.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: CAMIÓN E VEHICULO LEASING

Asunto: apertura ofertas negociado leasing

A documentación é correcta

De seguido procédese a continuación á apertura da proposición económica da única entidade financeira presentada e admitida á licitación, co seguinte resultado:

LA CAIXA

Para o Lote 1:

Tipo de xuros: Euribor a un ano + 4,90 %

Comisión apertura: 1%

Valor residual estimado: 34.432,03 € más impostos

Pagos: 47 cuotas + 1 cuota de valor residual

Observase que o diferencial máximo é maior co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, a vista do cal os membros da Mesa Acordan:

1.- Excluir á entidade financeira LA CAIXA por presentar una oferta da operación de leasing para a CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (LOTE 1) con un diferencial máximo maior do establecido no prego de cláusulas administrativas particulares

2.-Declarar deserto a operación de leasing para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (Lote 1) ao ofertar a única entidade financeira presentada á licitación un diferencial máximo maior do establecido no prego de cláusulas administrativas particulares

3.- Declarar deserto a operación de leasing para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL (Lote 2) por non haberse presentado ningunha plica para a referida operación

3.- Solicitar informe técnico da Intervención municipal sobre o tipo de interese aplicable a ter en conta para elaborar un novo prego de condicións co fin de sacar unha nova licitacación para as operacións de leasing da subministración dos vehículos xa seleccionados (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (Lote 1) e VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL (Lote 2)).

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas.

A PRESIDENTA ,

Asdo.: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz